



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 27 DE FEBREIRO DE 2015.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as doce horas do día vinte e sete de febreiro de dous mil quince, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D^a. M^a. Montserrat Magallanes Álvarez
- D^a. Teresa Vicente Baz
- D. Manuel Javier Crespo González
- D. Antonio Lomba Baz
- D. Miguel Ángel Español Otero

Asiste como Secretario Acctal. o funcionario do Concello D. José Carlos Martínez Crespo.

Asiste no momento que se sinala a Interventora do Concello Dña. Ana Llorca Maneiro.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

I.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓN ANTERIORES.

O Sr. Presidente pregúntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer ás actas correspondentes ás sesións celebradas os pasados días 30 de xaneiro e 6 de febreiro de 2015 ó que responden negativamente os concelleiros presentes nas mesmas, polo que as referidas actas foron aprobadas, coa abstención dos concelleiros ausentes nela.

Neste momento incorpórase a Sra. Interventora do Concello.

II.- ACORDOS

Dase conta da Proposta de Alcaldía de fixación das normas de xestión da tarifa aprobada para as actividades lúdicas e didácticas no MASAT.

A Xunta de Goberno Local, vista a proposta da Alcaldía acorda:

A) aprobar as seguintes normas de xestión das actividades didácticas no Monte Santa Trega.

1.- Soamente se realizará a actividade didáctica cando o número de persoas integrantes do grupo sexa igual ou superior a 15 alumnos.

2.- Cada 25 alumnos haberá un monitor.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

3.- O centro escolar deberá remitir cumprimentada a solicitude de reserva ao correo electrónico facilitado polo Concello. Nun prazo máximo de 48 horas se informará da dispoñibilidade do día e hora solicitado.

4.- A obriga de pagar o prezo público nace dende que se inicia a actividade didáctica, se ben de conformidade co disposto no artigo 46.1 do TRLHL, esíxese o previo depósito da cantidade, debéndose ingresar o importe total 48 horas antes da realización da actividade.

5.- O ingreso da cantidade a que ascende o prezo das actividades didácticas deberá efectuarse nas contas bancarias facilitadas pola tesourería do Concello.

6.- Se no prazo establecido non se efectuou o ingreso do importe total entenderase que o centro escolar renuncia á solicitude da actividade didáctica presentada no seu día.

7.- No suposto de que, por causas alleas ós solicitantes, se deixase de realizar a actividade didáctica solicitada, os interesados poderán pedir o reembolso das cantidades ingresadas.

8.- Non se procederá a devolución do importe daqueles alumnos que finalmente non asistan á actividade concertada.

B) Expoñer ó público o presente acordo.

Abandona a sesión a Sra. Interventora.

Dase conta das Bases Reguladoras do Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais para o exercizo 2015 publicadas pola Deputación Provincial de Pontevedra no Boletín Oficial da Provincia de data 13 de febreiro de 2015.

A Xunta de Goberno Local, vistas estas Bases, adopta o seguinte ACORDO:

1. Que coñece e acepta as bases da convocatoria e os compromisos que nela se inclúen.
2. Adherirse ó Plan de servizos sociais comunitarios municipais da Deputación de Pontevedra para o 2015, de acordo coas bases establecidas na convocatoria.
3. Aceptar o compromiso de realizar as actuacións necesarias para desenvolver o obxectivo do Plan e completar coa súa achega económica os módulos obxecto de financiamento.
4. Aceptar o compromiso de publicitar a achega provincial e de facer constar sempre o financiamento da Deputación en todas as comunicacións coa que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou por internet. Comprométese a situar nun lugar visible do propio centro de Servizos Sociais Comunitarios Municipais un cartel informativo que faga constar o cofinanciamento da Deputación e a proporcionarlle ó persoal contratado para o servizo de axuda no fogar (sexa persoal propio ou por contratación de empresa) as tarxetas identificativas do servizo subvencionado.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

5. Facultar expresamente o alcalde ou representante da entidade local para todo o relacionado coa tramitación e xestión deste acordo e do expediente correspondente.

Lese o escrito RE 1.546 de data 25 de marzo de 2014, presentado pro DNA. ANA MARIA BRAÑA REY, con enderezo na rúa Malteses, nº 95 da Guarda, solicitando a rectificación do recibo de consumo de auga do obxecto tributario Malteses, nº 95-baixo do 4º trimestre de 2013 xa que non se produxo lectura durante anos e agora se lle cobra un exceso nun só trimestre.

A Xunta de Goberno Local acorda anular o recibo 2951/14 e que se emita un novo pola media ponderada.

Lese o escrito RE 339 de data 19 de xaneiro de 2015, presentado pro DNA. ROSA MARTINEZ ALVAREZ, con enderezo na rúa Coruto Vello, nº 50, en representación de D. OLIVIO FERNANDEZ VICENTE, solicitando a rectificación do recibo de consumo de auga do obxecto tributario 2ª Transv. Coruto Vello, nº 56 do 3º trimestre de 2014 xa que non se produxo lectura durante anos e agora se lle cobra un exceso nun só trimestre.

A Xunta de Goberno Local acorda anular o recibo 140073702 e que se emita un novo pola media ponderada.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 21 de xaneiro de 2015 relativo ó aumento de horas no Servizo de Axuda no Fogar de Dª. I.R.P. a partir do 21/01/2015 pasando a 42 horas mensuais.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar este aumento.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 9 de febreiro de 2015 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar con cargo a libre concurrencia de Dª. Mª C. A.P.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar esta alta.

Lese o escrito RE 5.730 de data 2 de outubro de 2014, presentado por DNA. Mª DOLORES RODRIGUEZ, con enderezo na rúa Baiona, nº 10ª de A Guarda, solicitando un posto no mercadiño da Guarda.

A Xunta de Goberno Local acorda denegar a súa solicitude xa que non aporta a documentación necesaria.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Lese o escrito RE 7.053 de data 25 de novembro de 2014, presentado por D. ROBERTO ALVAREZ FRANCO, con enderezo na rúa A Guarda, nº 6-1ª de Tomiño, solicitando un posto para a venda de produtos alimentarios no mercadiño da Guarda.

A Xunta de Goberno Local acorda denegar a súa solicitude dado que a ordenanza reguladora do mercadiño non permite a instalación de postos de alimentación.

Lese o escrito RE 7.139 de data 1 de decembro de 2014, presentado por D^a. M^a TERESA SANMARTIN TORRES, con enderezo na rúa Subida á Estación, nº 7-2ºB de Redondela (CP 36800) solicitando un posto de 6 ou 8 metros no mercadiño de Guarda.

A Xunta de Goberno Local acorda concederlle un posto de 6 metros a partir do mes de abril.

Lese o escrito RE 1.063 de data 20 de febreiro de 2015, presentado por DNA. EVA REMO CASAL, en representación de ASOCIACIÓN CULTURAL XIDA, con enderezo a efectos de notificacións na rúa Pintán, nº 11 da Guarda, solicitando permiso para dispoñer dun local para a realización dun obradoiro de fabricación de palletas os días 20, 21 e 22 de marzo.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a súa solicitude se ben deberán pasar a falar co concelleiro delegado de cultura para definilo.

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de XANEIRO DE 2015 que ascenden á cantidade de 1.331,78 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 23 de febreiro de 2015 relativo ó aumento de horas no Servizo de Axuda no Fogar de D^a. R.J.L.T. a partir do 17/02/2015 pasando a 58 horas mensuais.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar este aumento.

Visto o Plan de Ocupación de Servizos de Temporada do Concello da Guarda para o ano 2015 seguinte,

SOLICITANTE	UBICACIÓN	SUPERFICIE	TIPO DE INSTALACIÓN
Concello da Guarda C.I.F. P-3602300J	Praia do Muiño	20 m ²	Torre - kiosko e terraza
Concello da Guarda C.I.F. P-3602300J	Praia da Lamiña	20 m ²	Torre - kiosko e terraza



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Informar favorablemente e polo tanto aprobar este Plan de Ocupación de Servizos de Temporada remitíndoo ó Servizo Provincial de Costas para a súa tramitación.

III.- ASUNTOS DE URBANISMO

1.- DAR CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS MENORES.

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras menores:

EXPEDIENTE: 4.367/2014. D^a. ROSARIO PORTELA SANTIAGO, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 108,00 M². CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA VELLA POR PLANCHAS DE FIBROCEMENTO E TELLA CURVA DO PAIS SUXEITA CON GANCHOS DE ACEIRO INOX. E COLOCACIÓN DE ALEIROS E LIMAS, DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE A PORTELA N^o. 46, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA N^o. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 5.931/2014. D^a. MERCEDES ALONSO GONZÁLEZ, COLOCACIÓN DE APLACADO DE PEDRA EN FORMACIÓN DE ZOCALO NUNHA SUPERFICIE DE 19,00 M²., DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE CONCEPCIÓN ARENAL N^o. 5, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N^o. 5 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE 6.181/2014. D. HERMELINDO MARTINEZ BAZ, PARA REPARACIÓN E SANEAMENTO TELLADO NA PARTE NOVA DA VIVENDA MEDIANTE LIMPEZA E RECOLOCACIÓN DAS TELLAS CON GANCHO DE ACEIRO NUNHA SUPERFICIE DE 60 M², E LIMPEZA E RECOLOCACIÓN DAS TELLAS CON ESPUMA NUNHA SUPERFICIE DE 70 M² NA PARTE VELLA DA VIVENDA SITA NA RÚA ESTRADA DA GÁNDARA, N^o 50 DENTRO DA ORDENANZA DE APLICACIÓN N^o 9 SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL.

2.- DAR CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS DE ADAPTACIÓN DE LOCAIS PARA ACTIVIDADES.

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras adaptación de locais para actividades:

EXPEDIENTE: 4.683/2014.- VETERINARIA LA GUARDIA REPRESENTADA POR D^a. VANESA ALONSO GÁNDARA, PARA ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA CLÍNICA VETERINARIA, SITO NA RÚA DE TOMIÑO, N^o 3-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N^o. 1 DO P.X.O.U.).



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

3- DAR CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE INICIO DE ACTIVIDADE.

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de inicio de actividade:

EXPEDIENTE: 7.271/2014. D. ROBERTO JOSE ALVAREZ CARRERO DE INICIO DE ACTIVIDADE PARA DESPACHO AVOGADO - OFICIÑA (EPIG. 731) NO LOCAL SITO NA RÚA DE VICENTE SOBRINO, Nº 1-1ºB.

EXPEDIENTE: 1.016/2015. VETERINARIA LA GUARDIA, S.L., REPRESENTADA POR DNA. VANESA ALONSO GANDARA DE INICIO DE ACTIVIDADE PARA

- ADESTRAMENTO E CUIDADOS DE ANIMAIS (EPIG. 979.4)
- COMERCIO MENOR SEMILLAS, ABONOS, FLORES, PLANTAS (EPIG. 659.7)
- CONSULTAS E CLINICAS VETERINARIAS (EPIG. 945)

NO LOCAL SITO NA RÚA DE TOMIÑO, Nº 3-BAIXO.

4.- DAR CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS MAIORES.

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras menores:

EXPEDIENTE 4.940/2014. COMUNIDADE DE PROPIETARIOS MUIÑO DE ABAIXO (BLOQUE 4), REPRESENTADA POR D^a. MARINA RODRÍGUEZ ALONSO, con domicilio na rúa Rosal - Muiño de Abaixo - Bloque 4-1ºB da Guarda PARA SUBSTITUCIÓN DE GALERIAS DE FACHADA DO EDIFICIO SITO NA RÚA ROSAL - MUIÑO DE ABAIXO - BLOQUE 4 EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº 2 DO PXOU).

EXPEDIENTE 4.728/2014. COMUNIDADE DE PROPIETARIOS MUIÑO DE ABAIXO (BLOQUE 5), REPRESENTADA POR D^a. M^a DEL CARMEN MAQUIEIRA GALLEGO, con domicilio na rúa Rosal - Muiño de Abaixo - Bloque 5-Baixo da Guarda PARA SUBSTITUCIÓN DE GALERIAS DE FACHADA DO EDIFICIO SITO NA RÚA ROSAL - MUIÑO DE ABAIXO - BLOQUE 5 EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº 2 DO PXOU).

EXPEDIENTE 4.942/2014. COMUNIDADE DE PROPIETARIOS MUIÑO DE ABAIXO (BLOQUE 6), REPRESENTADA POR D^a. MARIA JOSE MARTINEZ VICENTE, con domicilio na rúa Rosal - Muiño de Abaixo - Bloque 6-2ºA da Guarda PARA SUBSTITUCIÓN DE GALERIAS DE FACHADA DO EDIFICIO SITO NA RÚA ROSAL - MUIÑO DE ABAIXO - BLOQUE 6 EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº 2 DO PXOU).



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

5.- PRORROGA DE OBRAS

Lese o escrito RE 1.046 de data 20 de febreiro de 2015, presentado por D. ANTONIO RODRIGUEZ RODRIGUEZ, con enderezo na rúa Baixasa á Armona, nº 22 de A Guarda, solicitando prórroga de obras á licenza de obras 14/2012.

A Xunta de Goberno Local acorda concederlle unha prórroga de obras á licenza 14/2012 por 3 anos.

6.- TRAMITACIÓN LICENCIA DE OBRAS

Dáse conta do expediente tramitado a instancia de DIOCESE TUI-VIGO (RE. Nº 6.925 DE 31/10/2012) representada por D. Pascual Bermúdez Fernández con domicilio na rúa 1ª Transv. San Roque, nº 13 e D. Francisco Silva Villa, con domicilio na rúa A Cruz, nº 41 no que solicita LICENCIA PARA AMPLIACIÓN DE CEMITERIO PARROQUIAL sito na rúa da Cruz, s/n, e

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite, cumpríndose o trámite de información pública.

CONSIDERANDO: Que o emplazamento previsto é conforme co uso urbanístico:

A Xunta de Goberno Local por unanimidade ACORDA :

PRIMEIRO: Informar favorablemente á licenza de obras para AMPLIACIÓN DE CEMITERIO PARROQUIAL sito na rúa da Cruz, s/n deste término municipal.

7.- DAR CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADES.

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de cambio de titularidade de actividade:

EXPEDIENTE: 767/2015. DNA. CARLA GONZÁLEZ LOMBA DE CAMBIO DE TITULARIDADE DA ACTIVIDADE DE RESTAURANTE UN TENEDOR (EPIG. 671.5) A REALIZAR NA RÚA CORUÑA, Nº 6-BAIXO QUE ANTES FIGURABA A NOME DE ANGEL COUCEIRO BABARRO.

EXPEDIENTE: 5.272/2014. LAGUARDIA Y MOREIRA, S.A. DE CAMBIO DE TITULARIDADE DAS ACTIVIDADES DE COMERCIO MAIOR DE MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN (EPIG. 617.4) E COMERCIO MAIOR DE APARATOS ELECTRODOMÉSTICOS (EPIG. 615.3) A REALIZAR NA CARRETERA DE SAN ROQUE, Nº 18 QUE ANTES FIGURABA A NOME DE MOREIRA Y CIA, S.A..



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

8.- INSTANCIAS

Lese o escrito RE 7.432 de data 12 de decembro de 2014, presentado por D. JOSÉ CARLOS COIMBRA GONZÁLEZ, en representación de LAGUARDIA&MOREIRA, S.A., con enderezo a efectos de notificacións na Carretera de San Roque, nº 18 de Guarda, solicitando a exención das taxas pretendidas polo Concello por cambio de titularidade das licenzas de actividade para comercio maior de aparatos electrodomésticos (Epig. 615.3) e comercio maior de material de construción (Epig. 617.4) no local sito na Carretera de San Roque, nº 18 de A Guarda.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Interventora municipal, acorda acceder ó solicitado.

Sendo as trece horas e vinte minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.